

Unha semana despois

Manuel PEREIRA VALCÁRCEL

1

O maior pracer que ten para min viaxar non se deriva do feito contemplativo respecto da paisaxe. O meu pracer, brando e íntimo, débese á posibilidade de percepcións que normalmente pasan inadvertidas entre os automáticos labores diarios. Fronte a unha admiración pasiva do exterior, prefiro o exame do pequeno cosmos que é un vagón de tren ao longo dalgunhas horas. Someter o rostro dos pasaxeiros a todo tipo de hipótese e analizar a forma e as proporcións de calquera obxecto. Obtéñense sorpresas: hai asasinios que só poden ser asasinios, pero xamais mataron; ollos tristes que nunca coñeceron a tristeza; seres sen pasado coa alma chea de recordos. É un xogo de prognósticos e acertos. A fin de contas o destino é aínda máis antolladizo e paradoxal cando reparte os seus papeis. Un ten que saír a escena e non hai volta atrás. Non elixiron os ladróns o seu personaxe, nin os santos a levidade dunha alma sen corpo.

Foi nas miñas frecuentes e obrigadas viaxes onde fun descubrindo os múltiples desequilibrios que adoitan ter os corpos. Observei moitas veces as miñas mans, aparentemente iguais nunha ollada superficial e rutineira, e sen embargo, tan dispares. As veas que se dexergan na pel translúcida son distintas, como distintas son a imaxe detallada das unllas e as dobras dos cotenos nos dedos correspondentes. Os zapatos, tecnicamente simétricos, vistos co detemento que dá saberse desocupado por un tempo, tamén varían; de pouco serviron deseños e patróns de corte, a forza das pisadas vainos facendo diferentes, personalizados. Deste desenmascaramento nada sae indemne. Son cuspidiñas como dúas gotas de auga, dise. Pois tampouco. Pasei horas e horas, xornadas de ida e volta en días nos que a chuva batía nas xanelas coa teimuda obsesión dunha ofensa, vendo, examinando a figura, o tamaño, o comportamento das paradigmáticas gotas, e diferéncianse ben. Hainas cunha propensión case inmediata a esvarar polo cristal, en cambio outras resisten e resisten até que, ben porque

xa as forzas esmorezan, ben porque algunha compañeira imprudente as absorba ou asolague, claudican e van parar a foxas comúns impredecibles, a pequenos e provisionais encoros que xorden nas partes máis baixas da xanela.

Viaxar propicia este afán de pequenas pescudas, estas ocasións para ver o cotián doutro xeito. Xentes e obxectos son elementos dun xogo de azares e aparencias. O reloxo reclama a nosa atención para o seu implacable labor; a gravata amosa sen pudor a nosa predisposición ás cores pálidas; a luz raxeada da tarde evidencia unha mancha inoportuna nunha zona de alto interese comercial do noso traxe. As cousas que nos acompañan cobran así importancia, sorprendéndonos ou delatándonos. As persoas próximas amosan faces sen representación e sen mentira. Nós adxudicámoslle o finximento que a vida demanda, o grao de cinismo que cada idade esixe.

2

O home que acaba de sentar ao meu lado é outra proba do pouco que nos di o aspecto externo. Podía ser profesor de universidade, farmacéutico, cobrador da luz, xastre, teólogo ou libreiro. Tampouco a súa idade era adiviña doada. Que cifra atribuírlle? Andaría polos cincuenta, cincuenta e tantos, pero quen me di que non son corenta, corenta e tantos. Sigo a ler o diario. Na lectura, primeiro unha ollada xeral e logo ir con máis calma sobre o de máis interese. O día de hoxe viñan destacados na portada, o novo índice da inflación, o consello da Xunta, o falecemento dun dos meus actores predilectos e, sobre todo, a noticia que máis espazo ocupaba, a desaparición dun matrimonio en Santiago: familia normal de clase media alta, corenta e oito anos ela, cincuenta el, sen problemas familiares nin económicos que se soubese. E xa para rematar, antes de dobrar o periódico, fixen o encrucillado. Non oculto a afección por ver encaixada cada palabra, cada letra na súa correspondente cuadrícula. Faltaría pouco máis ou menos

unha hora para chegarmos ao noso destino. O meu veciño solicitoume con agradable cortesía o xornal, folleouno rápido e devolveuno coa mesma cortesía que mo pedira. Despois dun tempo de relaxado silencio, iniciamos unha conversación banal sobre a climatoloxía e outros lugares comúns deste tipo de diálogos casuais. Non obstante, falamos abondo para me decatar do seu carácter tímido e impaciente, da súa preferencia polas grandes cidades e do incómodo que se sentía «na aburrida lentitude das viaxes en tren».

Chegamos. Intercambiamos frases prefabricadas para despedidas triviais e baixamos amodo do vagón. Frío de inverno na cidade que nos recibía. A min agardábanme trámites e reunións; a el unha muller nova, elegante e de beleza incisiva.

3

Pasara unha semana e o caso do matrimonio desaparecido volvía á portada do xornal cunha

foto da parella. Os titulares indicaban que aparecera o cadáver da muller e que á vista das primeiras investigacións a xuíza do caso decretara orde de busca e captura contra o marido da infortunada como principal sospeitoso do asasinato. O retrato do presunto homicida casaba co do home con quen coincidira. O individuo ao que non se atrevera a situar, que ben puidera ter cincuenta, cincuenta e tantos ou corenta, corenta e tantos, e que podería ser profesor de universidade, farmacéutico, cobrador da luz, xastre, teólogo ou libreiro. O acompañante ocasional co que compartira un bo anaco de tempo e conversa, e do que se despedira hai uns días na estación. Aquel señor estaba agora nas páxinas do diario como presunto culpable de homicidio, ou mesmo de asasinato. Ergueu a vista do xornal, levantouse e foi cara á ventá. Pola rúa, detrás das cortinas e da choiva, víase a xente camiñando. Dende o décimo andar dun moderno edificio de oficinas, acristalado e ben illado acusticamente, as persoas eran bonecos silandeiros.